



Sabías que... o seu nome completo é **DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO E DEREITO DE AUTOR?**

Fomentar a lectura ou defender e protexer a industria editorial e os dereitos de autor son algúns dos obxectivos da celebración deste día.

A UNESCO escolleu esta data en 1995 por tratarse da data de pasamento de importantes personaxes como Miguel de Cervantes, William Shakespeare, Garcilaso de la Vega, ou Josep Pla pero... **en España xa se celebra moito antes!**

Alfonso XIII firmou un Real Decreto en 1926 polo que creaba oficialmente a “festa do libro español”. Naquel momento fixouse como data a que se pensaba que era a data de nacemento de Cervantes (o 7 de outubro) pero xa en 1930, modificouse para que esa festa coincidise co día do seu pasamento: o 23 de abril.

Dende o s.XV en Barcelona xa existía a tradición de que os homes regalasen unha rosa ás mulleres pola festividade de Sant Jordi, patrón de Cataluña e isto unido a que o escritor e editor valenciano afincado en Barcelona, Vicent Clavel Andrés, trasladara á Cámara de Comercio Oficial do Libro de Barcelona, a idea de celebrar este día... puxo a iniciativa en marcha!



Sen embargo despois da idea de Clavel, comezouse a obsequiar tamén aos seres queridos e con libros.

A celebración e intercambio de exemplares tivo un rápido seguemento e éxito en toda España sobre todo nas cidades que contaban con Universidade, mantendo ata os nosos días. Noutros sitios chegou a desaparecer incluso o día intaurado pola UNESCO.

